

RACLETTE

PREMIO ÁLVARO CUNQUEIRO PARA TEXTOS TEATRAIS 2014



de Teatros,
Auditorios,
Circuitos y
Festivales
española de titularidad pública



XXI PREMIOS
DE TEATRO
MARÍA CASARES
MELLOR TEXTO ORIXINAL

PREMIO
MELLOR ESPECTÁCULO
DE SALA
19ª FERIA
DE TEATRO
CASTILLA Y LEÓN
CIUDAD RODRIGO



MELLOR AUTORÍA TEATRAL E MELLOR DIRECCIÓN DE ESCENA

XX PREMIOS
max
DE LAS ARTES ESCÉNICAS
FINALISTA



con

TONI SALGADO
DEBORAH VUKUSIC
MARIÁN BAÑOBRE
IRIA SOBRADO
SALVADOR DEL RÍO

escrita e dirixida por

SANTIAGO CORTEGOSO



www.ibuprofenteatro.com



XUNTA
DE GALICIA

AGADIC



Agencia Galega das
Industrias Culturais



MINISTERIO
DE EDUCACIÓN, CULTURA
Y DEPORTE

inaem
INSTITUTO NACIONAL DE
LAS ARTES ESCÉNICAS Y DE LA MÚSICA

SINOPSE

A Raclette é un xeito de comer en comunidade inventado polos pastores suízos que, para escorrentaren o frío e a soidade da montaña, se reunían arredor dunha pedra quente ao lume para ir cociñando nela -a medida que comían- queixo, carne e verduras. Esta raclette urbana e contemporánea une, durante unha cea, dúas tramas que aparentemente non teñen relación, pero que se entrelazan para rematar contando unha historia terrible que trata temas universais como a morte, a parella, a maternidade, a cobiza, a culpa e a violencia.



Os cinco personaxes conforman un complexo mosaico humano: un choque entre visións do mundo que se volven incompatibles pero que han de convivir a pesar das diferenzas. Son cinco persoas que están pasando por momentos cruciais nas súas vidas, momentos de cambios, de inestabilidade, marcados por acontecementos que han deixar pegadas profundas para o resto da súa existencia. Son cinco universos que reflicten as contradicións dunha sociedade enferma que devora os seus integrantes.

Por unha banda, Paula, ambiciosa axudante de dirección nunha produtora, seleccionou a Mateo (12 anos) para protagonizar unha importante serie de televisión, polo cal convida a cear Raclette aos seus pais -Vero e Adolfo- para negociaren as condicións laborais do rapaz nun ambiente de proximidade e confianza. Esta estratexia

é moi mal vista pola súa parella, Raúl (actor de teatro alternativo de carácter impetuoso e humor corrosivo), que odia o universo audiovisual. Vero, enfermeira nun hospital público e defensora da soberanía alimentaria, ten moitas dúbidas, xa que está obsesionada pola educación do seu único fillo. Adolfo non chegará a presentarse.



Por outra banda, Mario, xornalista de prestixio cunha visión lúcida e crítica do mundo, que sofre a angustia de ter quedado no paro, espera que chegue do traballo Miriam, a súa parella, que segue nadando cos golfinhos nos espectáculos que se ofrecen no acuario do zoo a pesar de estar nun estado de profunda tristeza. Mario ten preparada unha Raclette, a comida favorita do seu único fillo Nico, que acaba de morrer en estrañas circunstancias, para sorprendela e para tratar de superar o trauma, a dor, a sensación de perda na que están inmersos.



POSTA EN ESCENA

O realismo é a base da posta en escena e do traballo interpretativo. Os actores e actrices cociñan e comen comida real, diante do público, que apreciará o transcurso da cea non só pola vista e o oído, senón tamén polo olfacto. O peso da función recae no que transmiten os personaxes, na intensidade das relacións que se establecen entre eles, na transcendencia do que din e do que calan, nos xestos, nas miradas...



Os espectadores están no patio de butacas pero tamén nunhas pequenas bancadas que están situadas no escenario, rodeando completamente a mesa na que están os actores, o cal reforzará a súa sensación de que están deixando ao descuberto a súa intimidade. Cada un ten un mundo interior que se vai descubrindo a medida que van degustando o menú. Hai unha idea de proximidade e comunión entre todos -actores e público-, que están orientados cara ao mesmo punto, cara ao centro da mesa, cara á raclette que os une, que fai que todos estean alí.

FICHA ARTÍSTICA

TONI SALGADO
DEBORAH VUKUSIC
MARIÁN BAÑOBRE
IRIA SOBRADO
SALVADOR DEL RÍO

Raúl. Actor de teatro alternativo
Paula. Axudante de dirección dunha serie de TV
Vero. Enfermeira, encargada dunha horta urbana
Miriam. Zoóloga
Mario. Xornalista en paro




Texto e dirección
Espazo escénico e imaxe
Iluminación
Vestuario
Maquillaxe e peiteado
Son
Vídeo
Cobertura Técnica
Axudante de dirección
Producción e distribución

Santiago Cortegoso
Diego Seixo
Salvador del Río
Marián Bañobre
Trini F. Silva
Quito
José V. Estonllo
Ningures Producción, S.L.
Rubén Pérez
Ibuprofeno Teatro

A COMPAÑÍA

Ibuprofeno teatro é unha compañía privada formada por Santiago Cortegoso e Marián Bañobre que leva producidos catro espectáculos en cinco anos: A filla de Woody Allen (2010), Pequenos Actos Pseudorrevolucionarios (2012), FITNESS (2013) e O Furancho (2015). Todos eles foron e están a ser distribuídos dentro e fóra de Galicia, en festivais e prazas de moito prestixio (Mostra de Autores Contemporáneos de Alicante, Umor Azoka de Leioa, Festival de MIM de Sueca, etc.), con moi boas críticas e o recoñecemento de varios premios (María Casares a Mellor Actriz e Autor, nominacións nos Max, etc.).

A close-up photograph of a woman with dark, wavy hair, wearing a vibrant purple dress. She is holding a black mobile phone to her ear with her right hand. The background is dark and out of focus, showing a table with a white tablecloth, a glass of water, and some plates, suggesting a restaurant or event setting.

Raclette inaugura unha nova xeira da compañía, na que asume producións dun formato superior con elencos máis numerosos, caracterizadas polo rigor na posta en escena, no traballo interpretativo e na concepción dos textos e dos procesos de creación, que continúan a procura dunha linguaxe persoal e recoñecible para falar dos temas claves que lle afectan ao ser humano contemporáneo, a través de personaxes que buscan a súa identidade individual nun contexto social globalizado e complexo que non conseguen controlar, o que os leva a situacións absurdas e cargadas dun humor acedo e sarcástico.



www.ibuprofenoteatro.com
www.ibuprofenoteatro.blogspot.com
986 102 832 · 609 761 840
ibuprofenoteatro@ibuprofenoteatro.com

